



PRESENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA E DE RESULTADOS

PR803D - AXUDAS AOS AXENTES DE COOPERACIÓN PARA EXECUCIÓN DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE PRESENTA:

De conformidade co que establece o artigo 18.5 da Orde de convocatoria pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria, presenta a xustificación final do proxecto:

A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas para o proxecto:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	ESTADO (solicitada/concedida)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- Avaliación externa obrigatoria ao final da intervención e requirida polas bases desta convocatoria no caso dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior que recibiran unha subvención superior a 90.000 euros, así como outras non obrigatorias que se recollan no documento de formulación que acompaña a solicitude de subvención.
- Certificación dos gastos polo importe total do proxecto, distribuída por partidas orzamentarias e na cal se indiquen as distintas fontes de financiamento, asinada dixitalmente pola persoa que desempeña a representación legal da entidade beneficiaria.
- Certificado desagregado e detallado de custos indirectos, asinado dixitalmente pola persoa que desempeña a representación legal da entidade beneficiaria.
- Relación de todos os gastos efectuados, con indicación da data e do número da factura ou do documento xustificativo do gasto, identificación do emisor destas, data e forma de pagamento e descrición do gasto co seu importe en moeda local e o seu equivalente en euros.
- Para os proxectos cunha subvención igual ou inferior a 50.000 €, deberán presentar a totalidade das facturas ou documentos xustificativos dos gastos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Para os proxectos con unha subvención superior a 50.000 € e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000 euros, deberán presentar informe do/da auditor/a de contas, que deberá estar inscrito/a como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC) no caso de ser realizada por persoal sometido á lexislación española, asinada dixitalmente.
- Certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, no caso dos proxectos presentados polas universidades e no caso de proxectos executados por unha agrupación de entidades en que participen as universidades.
- Documentos acreditativos das transferencias realizadas, así como o control contable específico conforme o funcionamento establecido polos Estados parte no caso das axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de